

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Plan de Convivencia

CIFP AS MERCEDES

Curso: 2025 - 2026



Índice

1	Introdución e contexto normativo.....	3
2	Análise do estado da convivencia do centro	4
3	Comisión de convivencia	6
3.1	Composición.....	6
3.2	Funcións	6
4	Actuacións e medidas a desenvolver.....	8
4.1	Actuacións xerais.....	8
4.2	Obxectivos específicos para o vixente curso	9
5	Dereitos e deberes e normas de convivencia	10
5.1	Dereitos e deberes do alumnado.....	10
5.2	Dereitos e deberes do profesorado	11
5.3	Dereitos e deberes do persoal non docente	12
5.4	Normas de convivencia	12
5.4.1	Respecto das instalacións	12
5.4.2	Respecto das actividades lectivas	13
5.4.3	Respecto das pertenzas privadas	14
5.4.4	Respecto dos horarios.....	14
5.4.5	Respecto do acceso ao instituto	14
5.4.6	Respecto do uso dos aparcamentos	15
5.4.7	Respecto da hixiene e seguridade no traballo	15
5.4.8	Do dereito de reunión do alumnado	16
	Procedemento diante dunha convocatoria de folga, paro ou mobilización do alumnado:.....	16
5.4.9	Outras disposicións	17
5.5	Correccións en caso de incumprimento das normas de convivencia	18
5.5.1	Das condutas.....	18
A)	Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:	18
B)	Condutas leves contrarias á convivencia:	19
5.5.2	Das medidas correctoras.....	19
	Medidas correctoras de las conductas gravemente prexudiciais para a convivencia.....	20
	Medidas correctoras de las conductas leves contrarias a la convivencia.	20
6	Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan	21
7	Difusión, seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia.....	21
8	Plan de traballo do Coordinador de Convivencia e Benestar	22
8.1	Introdución.....	22
8.2	Contexto.....	22
8.3	Obxectivos.....	22
8.4	Seguimento	22
	ANEXO I. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CURSO	23
	ANEXO II. PROCEDEMENTO CORRECTOR	24

0 **Introdución e contexto normativo**

O plan de convivencia é un documento estratéxico que se inclúe no proxecto educativo de cada centro, e que establece as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, así coma actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Este documento, elaborado polo Equipo Directivo e aprobado polo Consello Social (art. 10.1 da Lei 4/2011), supón unha oportunidade de reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do Sistema Educativo, ensinar a convivir, mediante o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas.

Convivir significa “Vivir en compañía de outros”. Unha boa convivencia require duns comportamentos respectuosos capaces de aceptar outras opinións, outros estilos de vida e outras formas diferentes de pensar, de ser, de aprender, de expresa... En definitiva, saber convivir supón desenvolver estratexias que nos permitan aceptar e respectar a diversidade do mundo que nos rodea, aprendendo a resolver pacificamente os conflitos derivados desta diversidade.

Se o sistema educativo consegue interiorizar no seu alumnado estratexias para afrontar a diversidade e o conflito de xeito pacífico, estamos a garantir unha educación con proxección de futuro que prepara para a vida, ao dotar ao seu alumnado das ferramentas necesarias para desenvolverse nun mundo en constante cambio e ser quen de contribuír á construción dunha sociedade mellor.

Este plan de convivencia resultará da análise das condutas contrarias á convivencia de anos anteriores e as reflexións sobre estas. Pretende constituírse como un documento marco realista, operativo, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do noso centro.

Así, o marco lexislativo no que se encadra o noso plan de convivencia é:

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, delimita as condutas contrarias á convivencia, as normas, os dereitos e os deberes do alumnado así como as medidas correctoras nos conflitos diarios. Encomenda á Comisión de Convivencia ou ao Equipo Directivo, no seu defecto, a elaboración do Plan de Convivencia a nivel de centro no seu artigo 10. Destacan os artigos 19, sobre programas de habilidades sociais e as aulas de convivencia inclusivas, e o artigo 20, sobre os procedementos conciliados de resolución dos conflitos.

O Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, regula no seu Capítulo II Sección 1ª os principios, obxectivos, estrutura, seguimento e avaliación do Plan de Convivencia. Cuestións a destacar son o desenvolvemento do procedemento conciliado (artigo 49) ou os Compromisos educativos para a convivencia (artigo 55), respecto a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

1 **Análise do estado da convivencia do centro**

O CIFP As Mercedes atende a estudantes procedentes principalmente da área de Lugo cidade e poboacións limítrofes que cursan estudos de formación profesional nas familias profesionais de Transporte e Mantemento de Vehículos, Instalacións e Mantemento, Enerxía e Auga, Comercio e Márketing e Seguridade e Medio Ambiente.

Xa que a oferta educativa engloba os 3 graos (básico, medio e superior) o centro conta con alumnado dende 15 anos, xeralmente, aínda que poderá haber alumnado de 14 anos excepcionalmente.

A procedencia deste alumnado é diversa tanto cultural como social que pretende, a través de cursar estudos de FP, obter unha cualificación profesional que lle permita integrarse no mercado laboral.

O CIFP As Mercedes, a pesares de concentrar un gran número de alumnado e profesorado, non se caracteriza por ser especialmente conflitivo. Analizando os datos sobre a conflitividade escolar, destaca a FP Básica concentrando a maior parte das incidencias en materia de convivencia, feito relacionado coas circunstancias propias deste alumnado que requiren dunha maior atención.

As relacións sociais entre iguais e co profesorado, nos ciclos formativos de grao superior están, en xeral fundamentadas no respecto, escoita activa, tolerancia e cumprimento das normas de convivencia. De tódolos xeitos, pode producirse algún episodio illado que perturbe o bo funcionamento habitual.

O alumnado de ciclos formativos de grao medio e o de FP Básica presentan maior inmadurez social e intelectual o que, ás veces, con maior frecuencia, da lugar a que se produzan faltas de respecto entre compañeiros e compañeiras e co profesorado, falta de cumprimento das normas de convivencia e/ou deterioro das instalacións e materiais do centro.

En síntese, podemos dicir que o ambiente de convivencia no noso centro non amosa problemas significativos, aínda que estes últimos cursos detectamos un incremento dos comportamentos contrarios á convivencia. Entre os conflitos máis comúns podemos citar:

- Non se respectan as NOF do centro
- Uso dos dispositivos móbiles durante as actividades lectivas
- Falta de puntualidade e faltas inxustificadas
- Falta de respecto ao profesorado
- Interromper, molestar e non deixar dar clase aos docentes
- Non seguir as instrucións do profesorado no taller.

No curso 2024-2025 recolléronse un total de 225 faltas disciplinarias por condutas contrarias á convivencia por parte do alumnado, das cales:

- 213 corresponden a alumnado de FP Básica.

- 8 son gravemente prexudiciais para a convivencia (normalmente por reincidencia de faltas leves).
- 13 alumnos foron privados do dereito de asistencia ao centro.
- Realizáronse 8 expedientes de cambio de centro.

No respecto ao absentismo existiron:

- Expedientes de absentismo abertos. Sendo o alumnado de FP Básica por ser os menores de 16 anos e a súa escolaridade obrigatoria.
- Expedientes de absentismo finalizados e comunicados a xefatura territorial e servizo sociais. Realizado así a vista de que o alumno non era posible controlar no centro nin controlado pola súa propia familia. Derivando o mesmo nun expediente de cambio de centro.

2 Comisión de convivencia

2.1 Composición

No artigo 6.2 do Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro régúlase a composición das Comisión de convivencia.

Así mesmo, no artigo 6.3 establécese que o réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, e en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Ocasionalmente, e segundo a natureza dos temas abordados, poderase incorporar calquera docente ou profesional técnico de servizos sanitarios e sociais das entidades oportunas.

A composición da comisión de convivencia de acordo á normativa vixente será:

- A persoa titular da dirección do centro.
- Representantes do alumnado.
- Representantes do profesorado.
- Representantes das familias.
- Representantes do persoal de administración e servizos

2.2 Funcións

No marco da diagnose, obxectivos e actuacións propias das particularidades do CIFP As Mercedes, a Comisión de Convivencia concentra ademais as seguintes funcións:

- Canalizará as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia, establecendo vías de comunicación e participación adecuadas ás características do centro, ofrecendo espazos e tempos para que os distintos sectores poidan manifestar as súas propostas, e promovendo nos distintos órganos de goberno, de participación e de coordinación docente que a convivencia, o respecto e a tolerancia sexa un dereito e un deber.
- Adoptará as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do Centro, comezando pola mellora na difusión das mesmas.
- Fomentará o funcionamento de estruturas de participación, especialmente a Xunta de delegados e delegadas de aula.
- Analizará posibles focos de discriminación social e escolar (por razón de sexo, económica, étnica, tipos de comportamento,...), investigando as súas causas e establecendo plans de acción.
- Mediará nos conflitos, analizando o suceso en si e o motivo do mesmo.

- Coñecerá e valorará o cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias, valorando o seu carácter educativo e recuperador.
- Dará conta ao pleno do Consello Social das actuacións realizadas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

A Comisión reunirase con carácter ordinario tres veces no ano para recoller as incidencias producidas, as actuacións levadas a cabo, ademais de valorar e avaliar a súa efectividade, a fin de establecer as propostas de mellora que se consideren oportunas.

3 Actuacións e medidas a desenvolver

3.1 Actuacións xerais

Considéranse os seguintes tres niveis de actuación:

- A) Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación
- B) Actuacións preventivas e de sensibilización
- C) Actuacións correctivas ante conductas contrarias á convivencia (Consultar no apartado 6 do presente plan)

A) ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN					
MEDIDA	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	AVALIACIÓN
Dar a coñecer o plan de convivencia á comunidade educativa.	Claustro	Primeiro trimestre	Equipo directivo Coordinador de Convivencia e Benestar	Profesorado	Acta do claustro
Organizar a xornada de acollemento do alumnado	Xornada de acollemento	Setembro	Equipo directivo, DIOP e Titores/as	Alumnado	Enquisa de calidade.
Dar a coñecer as normas de convivencia ao alumnado e do establecemento das normas de clase.	Titoría inicio de curso	Setembro	Titoría inicio de curso	Alumnado	Enquisa de calidade.
Dar a coñecer o plan de convivencia ás familias (FP Básica)	Reunión informativa coas familias	1º Trimestre	Titoría	Familiares do alumnado	Ao rematar a actividade
Designar e constituír a comisión de convivencia.	Constitución	1ª quincena de novembro	Dirección		Memoria
Poñer a disposición da comunidade educativa o “Buzón de queixas e suxestións”	Difusión do “Buzón de queixas e suxestións”	Inicio de curso	Dirección	Profesorado Alumnado Persoal non docente	Recollida de queixas e análise das mesmas.
Avaliación trimestral da convivencia	Reunión	Cada trimestre	Comisión de convivencia	Comisión de convivencia	Seguimento trimestral e memoria.

B) ACTUACIÓNS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN					
MEDIDA	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	AVALIACIÓN
Consensuar co alumnado as normas de clase	Normas específicas de cada módulo	Ao inicio de curso	Dirección e profesorado	Alumnado	Recollida de queixas
Controlar a asistencia ás clases	Introducir as faltas en Xade. Comunicar as faltas de asistencia á familia no caso de alumnado menor de idade. Comunicar as PD e as baixas de oficio ao alumnado.	Todo o curso	Profesorado Titoría	Alumnado	Protocolos de asistencia ou faltas de asistencia cubertos
Concienciar ao alumnado da súa necesaria implicación para acadar unha boa convivencia	Titorías individuais co alumnado Titoras colectivas Reunións do equipo docente coa finalidade de abordar as incidencias puntuais	Primeiras semanas do curso Incidir todo o curso	Titorías Equipo Directivo. DIOP Profesorado Coordinador de Convivencia e Benestar	Alumnado	Reunión dos equipos docentes
Potenciar as relacións positivas entre o alumnado do centro	Conmemoracións que faciliten as interaccións da comunidade educativa. Actividades extraescolares.	Ao longo de todo o curso	Orientación Titorías Dirección Departamentos Coordinador de Convivencia e Benestar	Alumnado	Ao finalizar as actividades
Fomentar conductas positivas no alumnado para lograr unha boa convivencia no centro	Talleres de prevención das adicións Talleres de habilidades Sociais Outros talleres	Todo o curso	Titorías Profesorado Departamentos Coordinador de Convivencia e Benestar	Alumnado	Ao rematar as actividades
Promover a participación, cooperación e comunicación entre o alumnado	Elección de delegado/a Reunión Xunta de delegados/as		Titorías Equipo directivo DIOP Coordinador de Convivencia e Benestar	Alumnado	Actas
Promover actividades que favorezan a participación, cooperación e comunicación entre os membros da Comunidade educativa	Xornada de portas abertas Xornada de Orientación Xornada Emprendemento Actividades entre distintas familias do centro e intercentros...	Todo o curso	Toda comunidade educativa	Alumnado Profesorado	Memoria

3.2 Obxectivos específicos para o vixente curso

Ver Anexo I

4 Dereitos e deberes e normas de convivencia

4.1 Dereitos e deberes do alumnado

DEREITOS

- A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos na lei.
- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

DEBERES

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

4.2 Dereitos e deberes do profesorado

DEREITOS

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extra escolares.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos na lei.
- A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

DEBERES

- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extra escolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio educativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sxiilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

4.3 Dereitos e deberes do persoal non docente

DEREITOS

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa.

DEBERES

- Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

4.4 Normas de convivencia

A comunicación entre os membros da comunidade educativa rexerase polas normas do respecto mutuo. Consideraranse condutas graves as seguintes: insultos, agresións físicas e psicolóxicas, menosprezo, coaccións, etc.

Ademais respectaranse as seguintes normas:

4.4.1 Respetto das instalacións

- a) Os membros da comunidade educativa deben coidar e utilizar correctamente os bens mobles, as instalacións do centro informando á dirección de cantas anomalías se detecten, para poder adoptar as medidas de seguridade axeitadas, se fose o caso, e efectuar as reparacións oportunas.
- b) Utilizaranse as papeleiras e contedores para tirar papeis e outros desperdicios, procurando entre todos e todas ter un centro o máis limpo e agradable posible.

- c) Para a realización de traballos ou reparacións seguiranse as directrices establecidas polos propios departamentos no que se refire ao material específico, e ao establecido pola dirección no referente ás instalacións do centro.
- d) A utilización dos espazos do centro para actividades que non sexan as propias derivadas do seu funcionamento, será autorizada previamente pola dirección, quen asignará o espazo adecuado e o horario á actividade a realizar, a fin de non interromper o normal desenvolvemento das actividades propias do centro.
- e) O profesorado e o persoal non docente poderá celebrar reunións no recinto escolar para tratar asuntos relacionados coa súa vida profesional ou marcha do centro, sen perturbar o normal desenvolvemento da actividade lectiva e comunicándoo previamente á dirección. En cada reunión haberá un responsable da convocatoria ou organización da mesma, que se encargará de que o local quede en condicións de uso para as actividades posteriores habituais, e pechado tras a finalización da reunión.
- f) Para a celebración de reunións de alumnado nas instalacións do centro deberán contar coa autorización da xefatura de estudos, presentando por medio dos seus representantes legais a correspondente solicitude á xefatura de estudos, coa orde do día da reunión e lugar onde desexan que se celebre.
- g) O uso da biblioteca, préstamo de libros e outros materiais, ou a utilización dos ordenadores situados nela, será segundo as guías de uso dispoñibles na propia biblioteca.
- h) O uso do salón de actos requirirá solicitude previa á dirección do centro e destinarase a actividades que precisen un aforo superior ao das aulas; preferentemente poderá ser utilizado para exames no caso de ensino a distancia, a realización de probas de acceso a ciclos, acreditación de competencias e probas libres.

4.4.2 Respetto das actividades lectivas

- a) O alumnado utilizará obrigatoriamente os equipos básicos de protección individual (EPIS), e a roupa de traballo adecuada en todas as actividades indicadas polo profesorado, que son aquelas susceptibles de producir danos manchar a roupa, ou por en risco a seguridade persoal e a dos demais compañeiros, e ademais onde así o estableza o departamento correspondente.
- b) Non está permitido utilizar teléfonos móbiles, mp3 ou calquera outro dispositivo de audio, imaxe ou vídeo non autorizado, salvo autorización expresa do profesor/a. O uso indebido, nas aulas dos mesmos supoñerá a amoestación correspondente segundo o previsto na normativa vixente.
- c) É obrigatorio levar a clase os materiais de estudo e traballo e facer un uso responsable deles.
- d) Se se evidencia o emprego de métodos fraudulentos nas probas de avaliación sancionárase coa anulación da proba, perdendo o dereito a súa realización, sen prexuízo de poder facer uso dos restantes instrumentos de avaliación recollidos na programación do módulo.

4.4.3 Respetto das pertenzas privadas

Todos os membros da comunidade educativa son responsables das súas pertenzas de índole privada polo que deben custodialas en todo momento. Neste sentido, o centro non asume responsabilidades respecto da desaparición de pertenzas privativas que non estean baixo a custodia directa dos seus donos/as, independentemente da apertura de liñas de investigación e, no seu caso, expediente cando se produzan roubos no centro.

4.4.4 Respetto dos horarios

Todos os membros da comunidade educativa deben respectar os horarios de entrada e saída nas aulas. Para iso teranse en conta os seguintes puntos:

- a) Tanto estudantes como docentes deben ser puntuais nas entradas e saídas ás clases debendo permanecer no interior das aulas durante a duración das sesións, non permitíndose “descansos” fóra das aulas. O responsable de que o estudantado non abandone as aulas é o profesorado que está a impartir a docencia ou no seu defecto, o profesor/a de garda.
- b) Cando un/ha estudante chegue tarde a clase deberá pedir autorización para entrar na aula. Se o profesor permite o acceso fará constar a falta de puntualidade durante o primeiros 10 minutos da sesión. A partires dos 10 minutos o docente poderá computar a falta como de asistencia aínda que o alumno/a permaneza na aula. Se o profesor/a non permite o acceso o alumno poderá permanecer na sala de convivencia.
- c) O estudantado que non cambie de aula entre clase e clase deberá permanecer no seu interior á espera do profesorado correspondente. Se debe abandonar a aula por causas de forza maior farano regresando no menor tempo posible.
- d) Os grupos que deban cambiar de aula entre clase e clase farano de inmediato. En todo caso, o profesorado correspondente terá en conta tal continxencia debendo dar ao estudantado uns minutos para que cheguen á aula.
- e) As aulas estarán pechadas cando non haxa grupos no seu interior e nos cambios de clase sempre que o grupo cambie de aula. En todo caso as aulas serán pechadas durante os recreos e nas horas de xantar. É responsabilidade do profesorado a apertura e peche das aulas.
- f) Cando o profesorado se retrase na entrada a clase 10 minutos, a persoa delegada do grupo acudirá á xefatura de estudos onde se lle dará solución. Mentres tanto, o resto do grupo permanecerá na aula a espera de instrucións.

4.4.5 Respetto do acceso ao instituto

- a) O modo de permanencia nas dependencias do centro velará pola seguridade, deixando libres as zonas de tránsito como os corredores e escaleiras, e sen ocupar aulas nas horas de recreo.
- b) Ninguén poderá entrar no centro portando calquera tipo de obxecto potencialmente perigoso.

- c) Está especificamente prohibido entrar ou consumir no recinto escolar calquera tipo de substancia sometida a prohibición legal e bebidas alcohólicas, así coma fumar e vapear en calquera das dependencias do centro educativo ou no recinto exterior.
- d) A entrada e permanencia no interior do centro de persoas alleas ao mesmo estará só motivada por algunha xestión ou actividade formativa relacionada coa docencia impartida.
- e) A permanencia nas instalacións do centro permitirá en todo momento a identificación correcta das persoas (non se permitirá o uso de complementos que cubran a cara da persoa).
- f) No centro existen cámaras de vixilancia que enfocan no exterior, corredores e outras zonas comúns.

4.4.6 Respetto do uso dos aparcamentos

- a) A parcela exterior considérase a todos os efectos parte do centro, polo tanto rexen as mesmas normas que no interior das instalacións.
- b) O aparcadoiro é exclusivo para o profesorado ou persoal administrativo do centro e non está permitido permanecer entre os vehículos no centro. O espazo da entrada principal está destinada unicamente a entrada e saída de peóns e vehículos de carga e descarga.
- c) No aparcadoiro non poderán quedar vehículos durante a noite, salvo casos de máxima urxencia, e sempre previo aviso na conserxería.
- d) Para mellor aproveitamento e seguridade nas zonas dedicadas a aparcamento, é necesario respectar debidamente a sinalización das prazas, non aparcando, ademais, en zonas non destinadas a ese fin.
- e) O centro non se fai responsable de ningún dano que sufran os vehículos dentro do recinto escolar, nin de ningún tipo de roubo.

4.4.7 Respetto da hixiene e seguridade no traballo

Todos os membros da comunidade educativa deben observar, cumprir e facer cumprir as normas básicas de hixiene e seguridade no traballo.

Así, está prohibido beber e/ou comer nas aulas, talleres, salón de actos, sala de actividades, biblioteca e, en xeral, en todas as dependencias onde se realicen actividades pedagóxicas. Quedan exceptuadas desta norma as seguintes situacións persoais, informadas e aceptadas pola dirección do centro:

- Circunstancias de saúde documentadas.
- Actividades académicas incluídas na correspondente programación didáctica, sempre que estean debidamente xustificadas.
- Aquelas outras non contempladas nas normas de convivencia, sempre que contén coa autorización escrita da dirección do centro e sexan informadas ao consello social.

4.4.8 Do dereito de reunión do alumnado

Actualmente tanto en España como no resto dos países da Unión Europea, en aplicación da normativa comunitaria e a xurisprudencia, non se contempla o dereito á folga dos traballadores/as autónomos, profesionais libres e estudantes, ao reservarse o dereito á folga como unha medida que teñen os traballadores/as asalariados para a defensa dos seus dereitos laborais.

Porén, o que si contempla a normativa educativa é o dereito do alumnado a reunirse sen que as ausencias a clase por este motivo poidan ser sancionadas dalgunha forma. Para tratar de asegurar os dereitos do alumnado a manifestarse e de reunión, o CIFP As Mercedes, establece un procedemento de actuación para cando se produzan convocatorias de folga, paro ou mobilización do alumnado, asumindo o termo “folga” como equivalente ao dereito de reunión e manifestación.

Procedemento diante dunha convocatoria de folga, paro ou mobilización do alumnado:

1. A convocatoria para sumarse á folga, paro ou mobilización deberá de ser oficial, ter cartel e convocará especificamente ao alumnado a faltar á clase.
2. O Delegado de clase, no seu defecto outro representante, recollerá de Conserxería do centro un impreso para cumprimentar por todo o alumnado da clase. Este documento servirá para que o profesorado saiba que estudantes secundan a folga, paro ou mobilización e as faltas non se contabilicen aos efectos de sanción ou execución da perda do dereito á avaliación continua. A todos os efectos estas faltas consideraranse xustificadas agás nos casos en que o/a estudante non asinara o documento e decida non asistir ás clases.
3. Ese documento entregárase acompañado de todos os permisos de menores que haxa na clase e o cartel da convocatoria da “folga”. Ademais unha copia destes documentos deberase de presentar ao titor.
4. Por cuestións organizativas do centro educativo, a comunicación previa mediante a entrega do documento en Conserxería deberá de facerse 48 horas antes do comezo da folga (ás 8.30 horas do día da folga). No caso contrario, non se considerará falta xustificada que o alumnado non asista á clase.
5. O alumnado que estea en folga non deberá permanecer polos corredores ou zonas comúns do centro educativo.
6. Se existise, planificada polo centro, previamente á entrega do documento en Conserxería outra actividade complementaria á formación, extraescolar ou de aula (probos) e o alumnado estivese convocado ou comprometido a asistir, a falta a estas actividades non será considerada xustificada.
7. O estudantado que non secunde a folga, paro ou mobilización acudirá ao centro e se lle impartirán as clases con normalidade para garantir o seu dereito á escolarización. En calquera caso, non se permitirán accións que impidan que calquera estudante asista ás clases e tales accións si poden ser consideradas faltas ao abeiro do punto 5.5 deste documento.

4.4.9 Outras disposicións

- a) É obrigatorio que todo o persoal do centro participe nos simulacros de emerxencias que se desenvolvan.
- b) As comunicacións internas faranse preferentemente a través de medios telemáticos e os taboleiros de anuncios, polo que o persoal docente e non docente que pertence ao centro consultará periodicamente o correo electrónico persoal da Xunta, abalar, intranet e os taboleiros.
- c) Os traballos feitos polo alumnado durante o curso escolar con materiais facilitados polo centro pertencen ó mesmo, polo que o seu fin será acordado polo departamento e aprobado polo consello social.
- d) Con relación as compras de material polos departamentos existen unhas directrices específicas de funcionamento para a correcta recepción da mercadoría (ver Anexo VIII das NOF).

4.5 Correccións en caso de incumprimento das normas de convivencia

A aplicación de medidas sancionadoras debe ser o último recurso logo de esgotar todas as medidas correctoras dispoñibles. As sancións impostas deben ter un carácter corrector, integrador e recuperador.

No suposto de que, derivado do procedemento corrector, sexa necesario nomear a un profesor/a instrutor, este será nomeado por sorteo. Deste sorteo excluírase ao profesorado que xa fora nomeado instrutor noutro procedemento corrector nos dous cursos inmediatamente anteriores.

4.5.1 Das condutas

Diferéncianse dous tipos de condutas:

A) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Consideraranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia as contempladas no artigo 15 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, desenvolvidas nos seguintes puntos:

- As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, disfuncionalidades ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos, o sistema operativo e software instalado, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción. A estes efectos considerárase tamén no CIFP As Mercedes a manipulación non autorizada dos ordenadores do centro, cambiando a súa configuración, borrando ou instalando programas, e a utilización dos medios e recursos do centro para calquera actividade particular allea ás funcións docentes, agás nos casos de autorización expresa da dirección.

- Os actos inxustificados que perturban gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado:
- A reiteración nun mesmo curso escolar de condutas leves contrarias á convivencia. Poderanse de considerar 3 faltas disciplinarias leves como unha gravemente prexudicial para a convivencia.
- O incumprimento das sancións impostas.

B) Condutas leves contrarias á convivencia

Consideraranse condutas leves contrarias á convivencia as contempladas no Artigo 16 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, desenvolvidas nos seguintes puntos:

- As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na liña a), os actos de discriminación da liña b), os actos de indisciplina da liña c), os danos da liña g), os actos inxustificados da liña h) e as actuacións prexudiciais descritas na liña i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.
- A insistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente. A estes efectos consideraranse no CIFP As Mercedes que tres faltas de puntualidade na mesma materia computan como unha de asistencia sen xustificar.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases teóricas ou prácticas.

4.5.2 Das medidas correctoras

As medidas correctoras que se poderán impoñer no centro, tanto pola dirección do centro coma a proposta da comisión de convivencia, son as que se relacionan nos artigos correspondentes da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

En concreto:

Medidas correctoras de las conductas gravemente prexudiciais para a convivencia.

- a) Realización, dentro ou fora do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes e traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Medidas correctoras de las conductas leves contrarias a la convivencia.

- a) Amoestación privada o por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante la persoa que ocupe la xefatura de estudos ou persoa que exerza funciones equivalentes en los centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario no lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Cando un alumno ou alumna cometa unha falta disciplinaria leve, o profesorado, titor, xefe de estudos ou director, segundo corresponda, deberá de rexistralo en XADE establecendo o tipo de conduta infrinxida, a medida correctiva tomada e unha breve concreción. A comunicación á familia, neste caso, farase efectiva mediante a aplicación ABALAR Móbil.

Cando o alumnado acumule un total de 3 faltas disciplinarias leves aplicaráselle as medidas correctoras c) d) e) f) g) ou h) do artigo 43 do Decreto 8/2015 previa comunicación á familia ou ao alumno se fose maior de idade por ABALAR Móbil. No caso de aplicarse as medidas g) ou h), a partir desta notificación, os interesados, poderán solicitar revisión das medidas correctoras no prazo de 2 días.

5 Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan

Para o desenvolvemento e seguimento do plan procederase a traballar de forma conxunta e coordinada entre o Equipo Directivo, o Coordinador de Convivencia e Benestar, o Departamento de Información e Orientación Profesional, a Comisión de Convivencia e os titores e titoras do centro.

6 Difusión, seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia

Ao longo do curso darase a coñecer este Plan de Convivencia e as actuacións que nel se establecen a toda a comunidade educativa.

A difusión realizarase a través das distintas reunións previstas no curso, así como a través das titorías.

Para o seguimento e avaliación utilizaranse as reunións da Comisión de Convivencia.

Ao finalizar o curso faranse propostas de mellora a ter en conta na programación do curso seguinte e ademais pasaráselle ao profesorado das gardas unha enquisa de varios ítemos nas que dous deles deberán de ser os seguintes en coherencia con dous obxectivos:

Acorde ao obxectivo do plan de convivencia 3:

“Cal é o teu grao de satisfacción sobre a utilidade dos recursos/protocolos de actuación en canto á convivencia que se implementaron durante o curso?”

Responda de 1 a 4 sendo o 1 o menos satisfeito e 4 mais satisfeito.

Acorde ao obxectivo do plan anual de área de formación:

“Cal é grao de utilización dos recursos/protocolos de actuación que proporcionou a comisión de convivencia?”

Responda de 1 a 4 sendo o 1 moi pouca utilización e 4 moito uso.

7 Plan de traballo do Coordinador de Convivencia e Benestar

7.1 Introducción

Na ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia establécese a necesidade de introducir un plan de traballo da persoa encargada da coordinación de convivencia e benestar dentro do contexto do Plan de Convivencia e a iso responde este apartado.

7.2 Contexto

A figura da persoa coordinadora do plan de convivencia instaurase neste curso académico, polo que a situación de partida do centro neste eido non está moi establecida. Polo tanto, a maior parte das funcións que se recollen na ORDE do 23 de agosto de 2023 deben ser revisadas e tidas en conta.

Debido a que, como se recolle no Plan de Convivencia, a maior parte das situacións contrarias á convivencia se dan na FP Básica, as accións deste plan de traballo terán ao alumnado da FP Básica como foco, sen, por suposto, olvidar ao resto.

Tamén se detectan necesidades de formación específica no profesorado e na persoa coordinadora polo que se procurará realizar accións encamiñadas a mellorar esta situación.

7.3 Obxectivos

Obxectivo	Indicador	Temporalización
Crear un grupo de traballo relacionado coa convivencia no centro	Asisten 3 profesoras/es ou máis ás horas indicadas no grupo de traballo	Primeiro e segundo trimestre
Formar ao profesorado	Impártese unha formación relacionada coa convivencia e benestar á que asisten polo menos 3 profesoras/es ou máis	Segundo ou terceiro trimestre
Formar ao alumnado	Polo menos unha acción formativa na que participe o 50% ou máis do alumnado ao que vai dirixida.	Segundo ou terceiro trimestre
Promover o uso da ludoteca do centro	Participan 5 alumnas/os ou máis	Todo o curso
Preparar e difundir resumos dos protocolos de actuación ante distintas situacións relacionadas co benestar e convivencia	Preparáronse e difundíronse 2 ou máis resumos	Terceiro trimestre

7.4 Seguimento

Ao final de curso farase o seguimento anual deste plan de traballo. Comprobaranse os indicadores dos obxectivos e recolleranse as actuacións feitas durante o curso. Faranse propostas de mellora para o curso seguinte segundo as necesidades detectadas. Concretarase nunha memoria escrita.

ANEXO I. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CURSO

Obxectivo 1:	Promover a formación do profesorado en materias relacionadas coa convivencia escolar.	
Indicador asociado	Accións formativas realizadas.	
Valor de partida	Medida	Criterio aceptable
Non constan datos	Nº de accións realizadas polo profesorado do centro.	1
Actividade(s) asociada(s)	Difusión das actividades formativa externas ao profesorado implicado. Desenvolvemento dun grupo de traballo sobre convivencia.	
Persoas responsables de actividades	Equipo directivo Coordinadora de Formación	
Persoas destinatarias	Profesorado	
Temporalización	Ao longo do curso	

Obxectivo 2:	Promover a formación do alumnado en temas relacionados coa convivencia escolar.	
Indicador asociado	Accións formativas realizadas.	
Valor de partida	Medida	Criterio aceptable
4	Nº de accións destinadas ao alumnado do centro.	4
Actividade(s) asociada(s)	Colaboracións con entidades, asociacións e empresas.	
Persoas responsables de actividades	Departamento de Información e Orientación Profesional Coordinador de Convivencia e Benestar	
Persoas destinatarias	Alumnado	
Temporalización	Ao longo do curso	

Obxectivo 3:	Establecer recursos e protocolos de actuación na aula de convivencia para que o profesorado mellore a súa xestión da mesma.	
Indicador asociado	Grao de satisfacción do profesorado de garda sobre a utilidade dos recursos/protocolos de actuación.	



Valor de partida	Medida	Criterio aceptable
Non constan datos.	Puntuación media no ítem nas enquisas de convivencia.	2 puntos sobre un total de 4.
Actividade(s) asociada(s)	Elaboración de recursos e protocolos polos integrantes do grupo de traballo (Banco de recursos) Elaboración da enquisa. Xornada de formación dirixida ao profesorado de garda.	
Persoas responsables de actividades	Coordinador de Convivencia e Benestar.	
Persoas destinatarias	Profesorado	
Temporalización	Todo o curso	

ANEXO II. PROCEDEMENTO CORRECTOR

(de conductas aparentemente contrarias ás normas de convivencia)